

A Sala de Goberno

A Sala de Goberno ten atribuído o exercicio de competencias para organizar o funcionamento dos xulgados e tribunais baixo a súa responsabilidade. Entre as súas funcións figuran:

1. Aprobar as normas de reparto de asuntos entre as Salas do Tribunal e entre as Seccións das Audiencias Provinciais e Xulgados da mesma orde xurisdiccional, con sede na comunidade autónoma correspondente.
2. Completar provisionalmente a composición das Salas nos casos nos que, por circunstancias sobrevidas, fose necesario para o funcionamento do servizo, sempre sen prexuízo de respectar o destino específico dos maxistrados de cada Sala.
3. Proponer motivadamente ao Consello Xeral do Poder Xudicial aos maxistrados suplentes expresando as circunstancias persoais e profesionais que neles concorran, a súa idoneidade para o exercicio do cargo e para a súa actuación nunha ou varias ordes xurisdicionais, as garantías dun desempeño eficaz da función e a aptitude demostrada polos que xa actuasen no exercicio de funcións xudiciais ou de substitución na Carreira Fiscal, con razoada exposición da orde de preferencia proposta e das exclusións de solicitantes. As propostas de adscrición de maxistrados suplentes como medida de reforzo estarán suxeitas a idénticos requisitos de motivación dos nomes e da orde de preferencia propostos e das exclusións de solicitantes.
4. Exercer as facultades disciplinarias sobre maxistrados nos termos establecidos na lei.
5. Proponerlle ao Presidente a realización das visitas de inspección e información que considere procedentes.
6. Promover os expedientes de xubilación por causa de incapacidade dos Maxistrados, e informalos.
7. Elaborar os informes que lle solicite o Consello Xeral do Poder Xudicial e a memoria anual expositiva sobre o funcionamento do Tribunal, con expresión detallada do número e clase de asuntos iniciados e terminados por cada Sala, así como dos que se atopasen pendentes, precisando o ano da súa iniciación, todo isto referido ao 31 decembro.
8. Proponer ao Consello Xeral do Poder Xudicial a adopción das medidas que xulgue pertinentes para mellorar a Administración de Xustiza en canto aos respectivos órganos xurisdicionais.

9. Recibir o xuramento ou promesa legalmente previstos dos maxistrados que integran os respectivos tribunais e darlles posesión.
10. Recibir informes do Secretario de Goberno, por iniciativa deste ou da propia Sala, en todos aqueles asuntos que, por afectar ás oficinas xudiciais ou secretarios xudiciais que del dependan, esixan dalgún tipo de actuación. Neste caso, o Secretario de Goberno terá voto no acordo que poida chegar a adoptarse.
11. Promover ante o órgano competente a esixencia das responsabilidades disciplinarias que procedan de secretarios xudiciais, do persoal ao servizo da Administración de Xustiza ou de calquera outro que, sen ostentar esta condición, preste os seus servizos de forma permanente ou ocasional nesta.
12. Expedir os nomeamentos dos Xuíces de Paz.
13. Manter relacións institucionais con outras administracións públicas para mellorar o funcionamento da administración de Xustiza.
14. Asegurarse de que as prazas de xuíces e maxistrados titulares de ditos órganos xudiciais se atopen adecuadamente cubertas.
15. Examinar as queixas que formulen os cidadáns con relación á Administración de Xustiza.
16. Revisar as sancións que impoñan os xuíces aos intervinientes nos procesos xudiciais.
17. En xeral, cumprir as demais funcións que as leis atribúan aos órganos de goberno interno dos tribunais e que non estean atribuídas expresamente aos Presidentes.